

A nosa ref: 10 ADL  
Asunto: Modificación Bases SON DE BARES  
Expediente: 2022/G003/001242

## RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

No ano 2019, por resolución núm.1976/2019 do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Socioeconómico, aprobouse o desenvolvemento do programa de promoción económica para o sector hostaleiro “SON de BARES”, así como as bases reguladoras do mesmo.

Tendo en conta que ao longo do desenvolvemento do programa detectouse a necesidade de incorporar modificacións nas bases iniciais, así como do impreso de solicitude/declaración responsable, especificando máis claramente as obrigas de cada unha das partes e incorporando a documentación solicitada aos establecementos hostaleiros no caso do uso de subministro de electricidade das instalacións individuais mediante grupo electrógeno.

Tendo en conta o informe técnico emitido polo enxeñeiro técnico industrial municipal o día 7 de xullo de 2022.

Tendo en conta o informe proposta da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local e da axente de emprego e desenvolvemento local de 8 de xullo de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Aprobar as novas bases establecidas para o desenvolvemento do programa “SON de BARES” que se expoñen a continuación.

### **BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA “SON de BARES”.**

O Concello de Cambre e de xeito particular, a Concellaría de Desenvolvemento Socioeconómico, co fin de apoiar e reactivar a hostalaría e restauración do municipio, sector económico afectado de maneira especial pola crise sanitaria provocada polo Covid-19 ao longo destes últimos anos, promove o “Programa SON de BARES”. Dito programa consiste en colaborar cos locais de hostalería e restauración do municipio promovendo e autorizando a celebración de pequenos concertos a pé de rúa e ao aire libre a aqueles locais hostaleiros que así o soliciten. Este programa xorde a raíz das constantes demandas realizadas pola hostalería de Cambre solicitando a colaboración do concello para a posta en marcha de actividades de ocio que axuden a fomentar o consumo nos seus establecementos tras os períodos de restriccións sufridos pola pandemia.

#### **Base primeira: Obxecto e finalidade.**

Esta iniciativa ten por obxecto dinamizar e promover os establecementos hostaleiros do municipio de Cambre para facerlos máis atractivos fronte aos consumidores a través da realización de actuacións musicais/artísticas-culturais (títeres, magos, monólogos, ou outras de similares características), a pé de rúa, nunha zona próxima ao establecemento. A finalidade polo tanto, é facer que a oferta hostaleira sexa atractiva para os consumidores finais aumentando con isto as súas vendas e polo tanto o seu posicionamento empresarial na contorna.

#### **Base segunda: Condicións de realización das actuacións.**

- As actuacións musicais/artísticas-culturais realizaranse a pé de rúa, nos espazos próximos aos locais, sen interferir o paso dos peatóns.

- Non implicarán a instalación de ningún tipo de escenario.
- No caso de que así o soliciten o concello facilitaralles unha pequena carpa identificativa do programa para situar ao músico ou grupo musical.
- A actuación deberá realizarse obrigatoriamente en horario de sesión vermú, pola mañán, ou pola tarde.
- Serán as persoas titulares do local ou locais de hostalaría os encargados da organización e realización da contratación da actuación, así como o pago do músico ou grupo musical (ou outro tipo de actuación).
- Así mesmo, correrán a cargo da organización e da seguridade ao longo do desenvolvemento do evento.

#### **Base terceira: Requisitos dos solicitantes.**

Poderán solicitar a realización de actuacións musicais/artísticas-culturais, a pé de rúa, enmarcados dentro do programa “SON de BARES,” todas as persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos de hostalaría e restauración que desenvolvan a súa actividade económica no termo municipal de Cambre, que reunan os seguintes requisitos:

- Ter un establecemento no termo municipal de Cambre.
- Ter cumpridos todos os requisitos necesarios para o exercicio da actividade económica de hostalaría e restauración no termo municipal.

Así mesmo, poderán solicitar a realización de actividades musicais/artísticas-culturais, enmarcados no programa “SON de BARES”, os locais de xeito individual ou agrupados con outros locais. Deste xeito, o concerto poderá desenvolverse nas inmediacións do establecemento individual ou nunha praza ou rúa, cando a solicitude sexa grupal, dun ou varios establecementos hostaleríos, e así o estime oportuno o Concello, sempre e cando se respeten os pasos para peatóns e vehículos rodados e o número de persoas asistentes ao evento cumpra coa normativa de seguridade aplicable.

#### **Base cuarta: Presentación de solicitudes.**

Para solicitar a organización dunha actuación, a pé de rúa, dentro do programa “SON de BARES”, deberá presentar no Rexistro do Concello de Cambre unha solicitude, debidamente cuberta e asinada pola persoa interesada, ou por quen ostente a súa representación, segundo o modelo creado ao efecto e que se inclúe como anexo a estas bases, por cada un dos eventos que se queiran organizar.

- En calquera dos rexistros do concello de Cambre. No caso de optar, as persoas físicas, por realizar a presentación de forma presencial. Deberá solicitarse **Cita Previa** na seguinte **ligazón** (<https://sede.cambre.es/opencms/gl/cita/index.html>), por medio do teléfono 981 613128 ou a través do correo electrónico [cambre@cambre.org](mailto:cambre@cambre.org).
- Na sede electrónica do Concello de Cambre (Outros Procedementos e Trámites), sendo esta a modalidade de presentación obrigatoria para as persoas xurídicas.
- <https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudAdhesionSonBares>

#### **Base quinta: Documentación a presentar coas solicitudes.**

Xunto coa solicitude, deberá presentarse a seguinte documentación:

- Plano de situación do concerto, indicando as vías de paso dos peóns.
- Seguro de multirrisco ou seguro de responsabilidade civil do establecemento.
- Certificado de revisión dos extintores.
- Certificado de inspección favorable da instalación eléctrica do establecemento, efetuada por organismo de control autorizado (OCA), sempre que sexa o establecemento quen subministre a corrente eléctrica dos equipos.
- En caso de contar para o subministro de electricidade das instalacións individuais mediante grupo electrógeno, deberá aportar:

- Copia do certificado de instalación eléctrica con subministro mediante grupo electrógeno vixente para as datas de celebración do evento (CIE).
- Copia do marcado CE e declaración CE de conformidade das instalacións que corresponda segundo características.

A solicitude para realizar actuacións musicais/artísticas-culturais dentro do programa “*SON de BARES*” inclúe a realización dunha **declaración responsable** de cumprimento das condicións do Programa, así como a asunción dos compromisos esixidos nestas bases, xunto cunha autorización ao concello para o tratamento dos datos de carácter persoal e para seren informado mediante correo electrónico do estado da solicitude e doutro tipo de avisos relacionados que poidan ser do seu interese; de acordo co disposto na Lei orgánica 13/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Base sexta: Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo de presentación de solicitudes para a organización de actuacións musicais/artísticas-culturais, a pé de rúa, enmarcados no Programa “*SON de BARES*” deberá realizarse cunha antelación mínima de **6 días naturais** á realización das mesmas.

#### **Base sétima: Autorizacións.**

A solicitude comportará a autorización do solicitante ao Concello de Cambre para poder verificar o cumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases, reservándose o dereito de requirir ao solicitante no caso de que a documentación aportada presente incidencias ou se considere necesario a aportación ou verificación de nova documentación.

#### **Base oitava: Procedemento, instrución e tramitación.**

O procedemento de tramitación das solicitudes para a realización de actuacións musicais/artísticas-culturais a pé de rúa, enmarcados dentro do programa “*SON de BARES*” reguladas nas presentes bases, entenderase iniciado coa aprobación por resolución do alcalde ou concelleiro/a en quen delegue.

A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución. Se resultase que a documentación presentada está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que achegue a documentación necesaria ou enmende os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

Tendo en conta as solicitudes presentadas, o Concello elaborará os calendarios de actuacións coidando que os eventos non se solapen entre sí na mesma parroquia, polo que terásese en conta a data de entrada das solicitudes e a reiteración das solicitudes por parte dos establecementos hosteleiros. E dicir, para calendarizar as actuacións musicais terásese en conta a primeira solicitude presentada para a realización da actuación musical/artística-cultural en cada parroquia dando prioridade as solicitudes que se presenten por primeira vez. O concello poderá facer difusión das actuacións a través das súas redes sociais e na páxina web.

#### **Base novena: Resolución e recursos.**

O órgano competente para resolver as solicitudes ao programa “*SON de BARES*” será o alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue unha vez recibidas as propostas dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, previa comprobación da documentación aportada que acompaña á solicitude e do cumprimento polos solicitantes dos requisitos establecidos nas presentes bases.

#### **Base decima: Obrigas das partes.**

1.- O Concello de Cambre asume as seguintes obrigas: Comprobar que o evento se realiza segundo as condicións

establecidas nas presentes bases e aportando:

- Funcións de supervisión.
- Cesión do uso de chan público.
- Cesión da carpa de 4,5 x 3,0 metros do programa “SON de BARES”, composta por estrutura, teito e paredes laterais, cun sistema de pesos e bolsa de transporte con rodas.
- Cesión de dúas bandeirolas/fly banners de 372 x 72 cm, mástil 400 cm para sinalización das actuacións coa bolsa de transporte e almacenaxe.
- Difusión do evento nas redes sociais municipais.

O Concello poderá realizar fotos da actividade que poderá usar para os fins que estime oportunos, sempre no marco da legalidade vixente.

2.- O solicitante da actuación musicais/artísticas-culturais dentro do programa asume o cumprimento das seguintes obrigas:

- Cumprir as condicións establecidas na base 3ª.
- Presentar a documentación establecida na base 5ª
- Responsabilizarse da organización e seguridade da actuación.
- Asegurarse de que a zona na que se desenvolverá a actuación reúne as condicións de accesibilidade, salubridade e hixiene durante a súa celebración.
- Contratar e pagar, se é o caso, aos músicos ou artistas
- Asumir a responsabilidade derivada da celebración da actuacións musicais/artísticas-culturais, respondiendo dos danos que, como consecuencia do mesmo, poideran producirse pola súa negligencia ou imprevisión.
- Desenvolver as actuacións en horario de sesión vermú, de mañán ou tarde.
- Controlar que o aforo da actuación será o adecuado para non molestar aos veciños e cumprir coas medidas de seguridade.
- Respetar as limitacións que a normativa establece sobre o ruído. Neste sentido, o establecemento organizador comprométese a non superar os decibelios permitidos segundo o establecido na ordenanza reguladora de ruidos.
- Dispor dun seguro multirrisco ou seguro de responsabilidade civil do establecemento.
- Deixar limpa e nas mesmas condicións a superficie ocupada e o perímetro da mesma nun ancho de 2 m unha vez rematado o evento, sendo responsable desta limpeza o promotor do evento.
- Devolver a carpa do programa “SON de BARES”, composta de estrutura, teito e paredes, xunto co sistema de pesos e bolsa de transporte cando se fixera uso dela.
- Devolver as dúas bandeirolas/fly banners para sinalización das actuacións coa bolsa de transporte e almacenaxe de facer uso das mesmas.

#### **Base décimo primeira: Revogación.**

Procederáse a revogación da concesión de autorización para a realización das actuacións musicais/artísticas-culturais, a pé de rúa, sempre e cando o Concello por razóns xustificadas ou por causas de forza maior teña que suspender a celebración da mesma.

#### **Base décimo segunda: Seguemento e control.**

Os solicitantes, unha vez obtida a condición de autorizado/a para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Cambre, que comportará a realización das actuacións que considere oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos e obrigas establecidas nas presentes bases.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

### Base décimo terceira: Tratamento de datos de carácter persoal.

Mediante a presentación da solicitude, a persoa interesada dá autorización expresa ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á actuación, particularmente do seu nome ou do establecemento hostaleiro na difusión e publicidade que se realice do evento. De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

([https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/EjercicioDerechosLOPD\\_N](https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/EjercicioDerechosLOPD_N)).

Se é o caso os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución do procedemento.

### Base décimo cuarta: Normativa aplicable.

A presentación de solicitudes para a realización de actuacións musicais/artísticas-culturais, a pé de rúa, reguladas polas presentes bases, supón o acatamento das mesmas. O feito de asinar a solicitude implica a aceptación das presentes bases, incluíndo o tratamento de datos de carácter persoal e imaxes segundo a lexislación vixente.



### SOLICITUDE PROGRAMA "SON DE BARES"

Axencia de Desenvolvemento Local  
981 613196 / 981 613128  
adl@cambre.org



SOLICITANTE			
Razón social		C.I.F.	
Apelidos e nome		DNI/NIE	
Enderezo		Localidade	Código postal
Teléfono		Correo electrónico	
DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL			
Apelidos e nome		D.N.I./N.I.E	
ENDEREZO ELÉCTRÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS			
Enderezo electrónico habilitado a efectos de notificacións			
DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO LOCAL			
Nome comercial		Data evento	
Enderezo do establecemento		Localidade	Código postal
HORARIO		Teléfono	
DECLARA RESPONSABLEMENTE			
<input type="checkbox"/>	Que ten un establecemento de hostalería no termo municipal de Cambre		
<input type="checkbox"/>	Que cumpre con todos os requisitos necesarios para o exercicio da actividade económica de hostalería e restauración no termo municipal de Cambre		
<input type="checkbox"/>	Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos		
<input type="checkbox"/>	Que se responsabilizará da organización e da seguridade da actuación musical, reunindo as condicións de accesibilidade, salubridade e hixiene durante a celebración da actuación, así como de controlar o aforo da mesma		

<input type="checkbox"/>	Que se compromete a desenvolver a actuación no horario establecido na resolución de autorización, respectando as limitacións que a normativa establece sobre o ruído, non superando os decibelios permitidos segundo o establecido na ordenanza reguladora de ruidos
<input type="checkbox"/>	Que se encargará de contratar e pagar, se é o caso, ao músico/a ou grupo musical para a realización do evento
<input type="checkbox"/>	Que rematado o evento, encargarse de deixar limpa e nas mesmas condicións a superficie ocupada e o perímetro da mesma, nun ancho de 2 metros
<input type="checkbox"/>	Que asumirá a responsabilidade derivada da celebración da actuación musical, respondendo dos danos que, como consecuencia do mesmo, poideran producirse por negligencia ou imprevisión
<input type="checkbox"/>	Que devolverá en idénticas condicións ás da súa recepción a carpa e as dúas bandeirolas/fly banners cedidos polo Concello de Cambre, de facer uso destes medios

### DOCUMENTACIÓN A APORTAR

<input type="checkbox"/>	Copia do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante ou do NIF da entidade	Obra en poder do Concello	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.), no caso de persoas xurídicas	Obra en poder do Concello	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	Seguro de responsabilidade civil do ano en curso	Obra en poder do Concello	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	Copia do certificado de instalación eléctrica con subministro mediante grupo electrógeno vixente para as datas de celebración do evento (CIE): - Certificado de manipulación do grupo electrógeno - Certificado de revisión do grupo electrógeno e Copia da declaración de conformidade CE do grupo electrógeno		
<input type="checkbox"/>	Certificado de inspección favorable da instalación eléctrica do establecemento, efetuada por organismo de control autorizado (OCA), sempre que sexa o establecemento quen subministre a corrente eléctrica dos equipos en vigor	Obra en poder do Concello	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	Certificado de revisión de extintores en vigor	Obra en poder do Concello	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	Plano de situación da actuación musical/concerto, indicando as vías de paso dos peóns		

### Sr alcalde do Concello de Cambre

Quen subscribe, e despois de coñecer e aceptar as bases de participación no programa *Son de Bares* do Concello de Cambre, **SOLICITA** autorización para realizar a actuación musical/concerto, a pé de rúa, enmarcado dentro do Prograde acordo co especificado nas bases desta Convocatoria, e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Cambre, de de 20

***De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola entidade local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre. Do mesmo xeito autorizo ao Concello de Cambre para que me informe mediante correo electrónico do estado desta solcitude así como outro tipo de avisos relacionados que poideran ser do meu interese.***

**Segundo:** Publicar as presentes bases na páxina web municipal para promover a difusión do programa "SON de BARES"

O concelleiro delegado  
Diego Alcantarilla Rei

Dou fe  
A secretaria xeral  
Pilar María Pastor Novo